

NOTA DE PRENSA

Mañá venres 15 e o sábado 16, máis de 80 psicólogos/as reflexionarán sobre as eivas da atención á saúde mental en Galicia e coñecerán iniciativas doutras partes do Estado

A psicoloxía clínica galega debate en Santiago de Compostela sobre a realidade asistencial no Sergas

Santiago de Compostela, 14 de xuño de 2018 - A partir de mañá, a atención psicolóxica no sistema público de saúde galego pasará a exame por parte dos propios profesionais, nunha xornada baixo o título "O lugar de encontro bio-psico-social", organizada conxuntamente polo Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, a Asociación de Psicólogos Clínicos do Sergas e a Asociación Galega de Psicólogos Internos Residentes - Agapir. Este encontro profesional que reunirá a máis de 80 psicólogos/as terá lugar mañá venres 15 de xuño no Antigo Hospital de San Roque, en Santiago de Compostela, desde as 9 da mañá ata as 18 horas, e continuará na mañá do sábado 16 na sede do COPG.

Trátase dun importante encontro profesional no que se porá o foco na importancia de integral a visión bio-psico-social nas políticas de saúde e na cooperación entre os distintos perfís profesionais implicados. Unha necesidade de colaboración interdisciplinar que se materializa na participación de profesionais da medicina de familia e comunitaria, así como de pediatría en atención primaria, dentro do programa desta Xornada.

O catedrático de Psicoloxía da Universidad Complutense de Madrid, Antonio Cano Vindel, ofrecerá a conferencia inaugural no que presentará os resultados do ensaio clínico PsicAP e cales son os trastornos mentais comúns en Atención Primaria. Neste ensaio, do que é investigador principal Cano Vindel, participan máis de 200 investigadores que avaliaron a case 1.200 persoas en 28 centros de saúde de 10 comunidades autónomas co obxectivo de compara o tratamento psicolóxico fronte ao habitual en Atención Primaria na abordaxe de trastornos comúns como o estrés, a ansiedade ou a depresión. Os seus resultados preliminares xa apuntaron claramente a á eficacia do tratamento psicolóxico, cunha redución de síntomas catro veces maior no caso da depresión, e cunha recuperación que triplica á do tratamento habitual en cadros depresivos ou ansiosos.

Á continuación, debaterase nunha mesa interdisciplinar sobre a psicoloxía clínica en atención primaria coñecendo a experiencia asturiana e presentando un documento do grupo de traballo de Psicoloxía en Atención Primaria do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia. Xa na tarde, abordarase a psicoloxía clínica de interconsulta e enlace nunha mesa na que diferentes psicólogos e psicólogas clínicas de varias EOXI do Sergas (Lugo, Ourense, A Coruña e Vigo).

Os programas de enlace e interconsulta cos distintos servizos médicos son outros dos grandes campos de intervención da psicoloxía clínica; servizos como oncoloxía, coidados paliativos, endocrinoloxía, unidades de queimados etc.

Na mañá do sábado 16 de maio, o catedrático Antonio Cano Vindel, presidente da Sociedad Española para el Estudio de la Ansiedad y el Estrés, e Paloma Ruiz Rodríguez, médica especialista en medicina de familia do Servicio Madrileño de Salud, ofrecerán un curso sobre o Protocolo PsicAP para o tratamento dos trastornos emocionais, xa que ambos son investigadores deste ensaio clínico.

Tal e como sinala a Organización Mundial da Saúde, a saúde mental é unha parte integral da saúde, e non pode haber saúde sen saúde mental. Por iso, as políticas de saúde mental non deben ocuparse unicamente dos trastornos mentais, senón tamén de recoñecer e abordar cuestións máis amplas que fomenten a saúde mental e cunha perspectiva intersectorial (desde a sanidade, pero tamén desde a xustiza, o ensino, os servizos sociais, etc.).

Tanto para o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia como para Agapir e a Asociación de Psicólogos Clínicos do Sergas, a prestación de atención psicolóxica nos servizos de atención primaria é unha cuestión urxente, cunha eficacia probada e contrastada e que terá unhas repercusións considerables na saúde mental, e polo tanto, na saúde e no benestar da poboación. Así mesmo, cómpre incrementar as contratacións de facultativos especialistas en psicoloxía clínica para a atención especializada en Saúde Mental, xa que actualmente traballan 94 psicólogos/as clínicos/as no Sergas, o que ten como consecuencia, entre outras, que existan dispositivos sen psicólogos/as clínicos/as, como o Hospital de Día de Santiago de Compostela, ou nos que non se cobre a dotación mínima precisa (Unidades de Saúde Mental con PC a tempo parcial).

Saúdos,

Se desexas ampliar a información, podes contactar co Departamento de comunicación do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia:

Eliana Martíns:

981 534 049 / 699 908 968 / comunicacion@copgalicia.gal